



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 28 DE NOVEMBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:35 horas do día 28 de novembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 25 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidentes:** D. Carlos López Font

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 2a e 3a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

#### **1.- Aprobación de actas**

##### **a) Acta da sesión do 23 de novembro de 2016**

Non se aproba por falta de quórum.

##### **b) Acta da sesión do 24 de novembro de 2016**

Apróbase a acta da sesión do 24 de novembro de 2016 cos votos de D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

#### **2.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

##### **a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos para a plataforma unificada de almacenamento (7909-113) (informe sobre B)**

Entrégase o informe do xefe do Servizo de Administración Electrónica do 25 de novembro de 2016 de valoración do "SOBRE B: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR".

#### **3.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 20:16	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A84F-5FDDA6-E988A6-CNB833-CVEKLE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos****a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos para a plataforma unificada de almacenamento (7909-113)**

Á vista do informe do xefe do Servizo de Administración Electrónica do 25 de novembro de 2016 de valoración do “SOBRE B: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR” a Mesa, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1. Solicitar a ampliación dos termos do citado informe.
2. Excluir ás empresas que deseguido se relacionan por incorporar ao sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” documentos acreditativos dos criterios que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 9.B da FEC (cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación), segundo consta no informe do xefe do Servizo de Administración Electrónica do 25 de novembro de 2016:

**A) “ACUNTIA**

*Nas páxinas 8 e 23 da oferta técnica amósanse datos que se solicitan para ó cálculo da puntuación, mediante fórmulas, a incluír no sobre C:*

- *A cantidade de almacenamento ofertado (9.B.2 das FEC)*
- *O almacenamento en formato Fluss/SSD ( 9.B.3 das FEC)*
- *Tempo de garantía do sistema ( 9.B.4 das FEC)*

Dentro de esta configuración se pueden destacar varios elementos:

- 50 TB totales RAW sin contar el SO
- 19.2 TB RAW de disco flash en una configuración de 5 discos de 3840 GB
- 20 discos SAS de 1800 GB
- 8 GB de caché para cada controladora
- Duplicidad de componentes, todos ellos cambiables en caliente

**6. MEJORAS DE LOS SISTEMAS**

Criterio	Ofertado
IOPS	200.000 según SPC BEN CHM ARK 1□
Capacidad de réplica	Síncrona y asíncrona
Activo-Activo	No
Software de backup adicional	No
Aprovechamiento Infraestructura existente	No
Almacenamiento ofertado	50 TB (Primario) + 51.25 TB (Secundario)
SSD	19.2 TB
Garantía	3 años

**B) SERMICRO**

*Nas páxinas 10 e 11 da oferta técnica amósanse datos que se solicitan para ó cálculo da puntuación mediante fórmulas a incluír no sobre C:*

- *A cantidade de almacenamento ofertado (9.B.2 das FEC)*
- *O almacenamento en formato Fluss/SSD ( 9.B.3 das FEC)*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 20:16	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A84F-5FDDA6-E988A6-CNB833-CVEKLE-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

- *Tempo de garantía do sistema ( 9.B.4 das FEC)''*

Cada cabina estará dedicada a roles distintos, una como produción y otra como respaldo, para la cabina de **producción** se ha configurado:

Capacidad total de storage:

- 55,58 TB Raw Storage
- 41,68 TB Useable (Base 10)
- 37,91 TB Useable (Base 2)

Repartidos de la siguiente forma:

- 16 TB RAW en un PG Raid 5 (3+1) de discos FMD DC2\* de 3.2 TB dando un valor neto de 9,6 TB base 2

Ref.: OP-16-02012-01

Página 10 de 32

30/09/2016



\*Familia de discos FLASH que permiten compresión a nivel de PG con un mínimo garantizado de 2:1 y una media de 5:1

- 45 TB RAW en tres PG Raid 6 (6+2) de discos SAS 10KRpm de 1,8 TB dando un valor neto de 28,31 base 2

Se han añadido los siguientes spares:

- 1 x 3.2 TB FMD DC2 LFF (3,5")
- 1 x 1,8 TB SAS 10Krpm SFF (2,5")

- 1 x 1,8 TB SAS 10Krpm SFF (2,5")

Para las **dos** cabinas también se ha configurado:

- 32GB de Caché
- 8 Puertos FC a 8Gbps
- 4 Puertos Iscsi 10 Gbps Óptico
- 3 años de **garantía** en modo Standard (24x7)

### 4.- Propostas de adjudicación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 20:16	Páxina 3 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A84F-5FDDA6-E988A6-CNB833-CVEKLE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Vía Norte (fase I), entre travesía de Vigo e rúa Escultor Gregorio Fernández (3943-440)**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Vía Norte (fase I), entre travesía de Vigo e rúa Escultor Gregorio Fernández (3943-440)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 5 de agosto de 2016 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, das obras de humanización da rúa Vía Norte (fase I), entre travesía de Vigo e rúa Escultor Gregorio Fernández.

**Segundo.-** Na sesión que tivo lugar o 18 de novembro de 2016 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na súa sesión de data 26 de outubro de 2016 de “Excluír á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, SL, xa que segundo o informe do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos de data 25 de outubro de 2016 sobre valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, a súa proposición avaliable mediante xuízo de valor “inclúe información doutra obra dentro da documentación recollida no sobre B” e, consecuentemente, non se axusta ao disposto no prego de prescricións técnicas (cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación)”.*

*Segundo.- Excluír do procedemento aberto para a contratación das obras b) de humanización da rúa Vía Norte (fase I), entre travesía de Vigo e rúa Escultor Gregorio Fernández (3943-440), por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non ter xustificado os mesmos, aos seguintes licitadores:*

- NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E CONSTRUCCIONES RAMIREZ SLU
- DRAGADOS, SA
- UTE ACEVI Y MONTAJES IGLESIAS
- ELSAMEX, SA
- CONSTRUCCIONES VALE, SL
- UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 20:16	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A84F-5FDDA6-E988A6-CNB833-CVEKLE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATAÇÃO

- HORDESCON, SL
- PROYECON GALICIA, SA
- UTE CONSTRUCCIONES OREGA SL- CONST. DELFIN FERREIRO RGUEZ, SL
- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, SL

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

	Empresas	Puntuación
1	CIVISGLOBAL, SLU	85,44
2	ORECO, SA	85,22
3	AVAN INTEGRAL, SL	85,06
4	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	83,82
5	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL	83,16
6	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, SA	81,51
7	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	80,98
8	ORESA, SL	80,75
9	UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA-ALVAC	79,41
10	SA DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA	79,16
11	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA-COPSESA	78,24
12	COPCISA, SA	77,83
13	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, SA	77,67
14	UTE 03 SERVICIOS Y CONTRATAS SL- OGMIOS PROYECTO, SL	77,58
15	NAROM, SL	76,37
16	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, SL	69,56
17	GEOXA GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL	22,11

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva.
5. Resgardo de garantía complementaria por importe de 6.010, 10 euros.

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 675, 76 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 20:16	Páxina 5 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A84F-5FDDA6-E988A6-CNB833-CVEKLE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVISGLOBAL, SLU, o día 18 de novembro de 2016, que presentou a documentación requirida o 24 de novembro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de contratación na sesión do 28 de novembro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVISGLOBAL, SLU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVISGLOBAL, SLU, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor, asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal o 25 de outubro de 2016, e co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 15 de novembro de 2016.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a CIVISGLOBAL, SLU, o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Vía Norte (fase I), entre travesía de Vigo e rúa Escultor Gregorio Fernández (3943-440) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 1.085.413,56 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 188.377,56 euros.*
- b) *O prazo de garantía increméntase en 160 meses, polo que o prazo total é*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 20:16	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A84F-5FDDA6-E988A6-CNB833-CVEKLE-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

de 172 meses.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas (7854-113)**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas (7854-113)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 5 de agosto de 2016 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas.

**Segundo.-** Na sesión que tivo lugar o 18 de novembro de 2016 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas (7854-113) na seguinte orde descendente:*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 20:16	Páxina 7 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A84F-5FDDA6-E988A6-CNB833-CVEKLE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

VALORACIÓN TOTAL			
Valoración	Técnica	Económica	Total
<b>TELINCO</b>			
Valoración	14,7	76,46	91,16
<b>PAZ DISMAC</b>			
Valoración	14,75	71,33	86,08
<b>AEVIGO</b>			
Valoración	16,25	67,86	84,11
<b>SIVSA</b>			
Valoración	15,5	64,89	80,39
<b>HERBECON</b>			
Valoración	17,3	59,49	76,79
<b>PLEXUS</b>			
Valoración	14,5	44,01	58,51
<b>INFOSER</b>			
Valoración	15,2	9,39	24,59
<b>INFORHOUSE</b>			
Valoración	15,5	7,80	23,30
<b>TELEFONICA</b>			
Valoración	15,5	7,51	23,01

*Segundo.-* Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELINCO INFORMÁTICA, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

*Terceiro.-* Requirir ao citado licitador o aboamento de 872,22 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELINCO INFORMÁTICA, SLU, o día 18 de novembro de 2016, que presenta a documentación requirida o 25 novembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de contratación na sesión do 28 de novembro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos







## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

licitadores e, simultaneamente, publicárase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TELINCO INFORMÁTICA, SLU de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 19 de outubro de 2016 e co informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula do 2 de novembro de 2016, asinados ambos os dous polo xefe da Área de Administración Electrónica.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a TELINCO INFORMÁTICA, SLU o procedemento aberto para a contratación do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas (7854-113) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 50.000,00 euros, cos seguintes prezos unitarios:*
- O prezo dos equipos de sobremesa a subministrar ao Concello é de 245 euros (IVE incluído)*
  - O prezo dos monitores a subministrar ao Concello é de 117 euros (IVE incluído)*
  - O prezo das tablets a subministrar ao Concello é de 389 euros (IVE incluído)*
- b) *O prazo de garantía para o hardware e o software increméntase en 12 meses (prazo de garantía total para o hardware de 60 meses e para o software de 24 meses).*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno local e a oferta presentada”.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 20:16	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A84F-5FDDA6-E988A6-CNB833-CVEKLE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 14:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

Vigo, 28 de novembro de 2016

O presidente da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 20:16	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A84F-5FDDA6-E988A6-CNB833-CVEKLE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		